

DECRETO

MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL ASIGNADA A DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, CONCELLEIRO DELEGADO DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS (2025/G001/011750).

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o Decreto número 10280, do 4 de novembro de 2025 -que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte-, no que se reflicte unha nova organización municipal logo da incorporación dunha nova concelleira ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

Visto así mesmo o acordo número 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, polo que se aprobou MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024 e 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024 e 4/57 do Pleno ordinario do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025*, cunha nova redacción nos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva, e que no que lle atinxe a vostede sinala que dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes cargos:

...

- Á Concellería Delegada de Movementos Migratorios.

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando o presidente da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación, RESOLVO:**

Primeiro.- Modificar a dedicación parcial que lle fora atribuída a don Waldir Sinisterra Restrepo, concelleiro delegado de Movementos Migratorios, por unha nova equivalente a un 70% da dedicación exclusiva, na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos incrementos anuais que correspondan) con efectos do 10 de novembro de 2025.

Segundo.- Notificarlle esta resolución ó dito concelleiro coas seguintes indicacións:

ACTAS E GOBERNO

AMRC/cal

Refº: ispac7633227417302669726.doc

Asunto: MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL ASIGNADA AO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos do 10 de novembro de 2025.

Terceiro.- Notifíqueseles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

Asinado electronicamente polo Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez.